

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

A EGAP,

en colaboración coa

Asociación Galega de Arte e Cultura (AGAEC),

convoca a

“Mostra de Arte das Letras Galegas. EGAP, 2019”.

BASES

1. Participantes:

Poderá participar na mostra o persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia.

2. Modalidades:

Pintura, escultura, fotografía, gravado, colaxe, debuxo, cerámica, tapiz, vídeo e calquera outra especialidade artística que implique a utilización de novas tecnoloxías ou materiais, maquetas, origami (papiroflexia), etc.

3. Requisitos para participar:

Cada participante:

- Poderá presentar unha obra por modalidade artística.
- Enviará unha solicitude debidamente cuberta e asinada utilizando o modelo anexo ao enderezo de correo electrónico agaec2016@gmail.com.
- Achegará unha fotografía dos traballos que presenta (un por modalidade), en formato jpg, cunha resolución mínima de 300 píxels (a dimensión da/s obra/s non poderá exceder de 100 x 100 cm; para escultura as medidas máximas establécense en 150x70x50 cm).
- Enviará tamén a ficha técnica da/s obra/s (título, técnica, medidas e prezo) en galego.
- Para facilitar a elaboración do catálogo e o rexistro da información, deberá cubrirse debidamente o seguinte formulario:
<https://goo.gl/forms/YnrwCgfOC1zke7vt2>

4. Prazo máximo de entrega da documentación:

[22 de abril de 2019.](#)

5. Presentación e retirada das obras:

A/s obra/s deberán ser entregadas o 9 ou o 10 de maio na EGAP, en horario de 9.00 h a 18.00 h, preferiblemente sen enmarcar e preparadas para a súa exposición (no caso de pintura, fotografía, debuxo, etc., con enganche seguro para evitar caídas que poidan estragalas). As obras deberán estar identificadas na parte posterior cunha rotulación ou etiqueta na que consten o título, a técnica, o/a autor/a, o enderezo electrónico e os teléfonos de contacto. Os materiais fráxiles deberán estar debidamente protexidos.

A EGAP publicará na súa páxina web o catálogo coa totalidade dos traballos presentados polas persoas participantes, dos que se editará un número limitado de exemplares.

As obras poderán ser retiradas polas persoas participantes ou as persoas autorizadas nos días e horas que oportunamente se comuniquen.

Unha vez pechada a mostra, a EGAP non se fará cargo da custodia das obras non recollidas nos días sinalados.

6. Lugar e data de inauguración:

Sala de exposicións da EGAP. A data anunciarase no DOG xunto coa convocatoria dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas 2019.

7. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados serán tratados na súa condición de responsable pola Escola Galega de Administración Pública coa finalidade de identificar ás persoas participantes. O tratamento dos datos baséase no consentimento, conforme á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e ao Regulamento Xeral de Protección de Datos relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

8. Aceptación e conformidade coas bases:

A participación nesta mostra implica a aceptación e a conformidade co disposto nas presentes bases así como o consentimento e a admisión da publicación das obras e imaxes pola EGAP.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

MOSTRA DE ARTE DAS LETRAS GALEGAS. EGAP, 2019
Consellería/Organismo e unidade:
Posto de traballo:
Nome e apelidos:
Teléfono móbil:
Enderezo electrónico:
MODALIDADES:
1.- ARTES PLÁSTICAS
MODALIDADE: pintura, escultura, fotografía, gravado, colaxe, debuxo, cerámica, tapiz, vídeo, instalación, papiroflexia, maquetación, etc., e creación literaria: poesía, prosa poética, teatro, conto, ensaio, relato curto, etc... Márquense as que correspondan:
TÍTULO DA OBRA: TÉCNICA: MEDIDAS: PREZO:
TÍTULO DA OBRA: TÉCNICA: MEDIDAS: PREZO:
2.- VÍDEO
MODALIDADE:
TÍTULO:
DURACIÓN:

